



Resolución de 16 de novembro de 2018 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro que modifica a resolución de 01 de agosto de 2018 pola que se convocan 20 cursos de aprendizaxe permanente en acuicultura. Accións formativas financiadas nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), na medida 2.5.1. no marco do Programa Operativo para España do FEMP 2014-2020.

Antecedentes

Na resolución do 01 de agosto de 2018, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro publica a convocatoria de 20 cursos de aprendizaxe permanente en acuicultura, indicando un calendario e os lugares de realización das citadas accións formativas.

Na resolución do 10 de outubro de 2018 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro que modifica a resolución de 01 de agosto de 2018, móstranse varios cambios no calendario dos cursos (anulacións, novos cursos, modificacións nas datas, etc.).

Na actualidade xurdiron máis cambios que repercuten na programación dos cursos, e tal como se indica no apartado primeiro da resolución do 01 de agosto de 2018 “se nalgunha das zonas previstas non se acadase a demanda suficiente, poderase anular a realización do curso e incrementar o número de cursos noutra(s) zona(s) onde si exista o alumnado suficiente para as prazas convocadas. Tamén dependendo da demanda se poderán facer cambios na tipoloxía dos cursos”.

Polo tanto, visto o anteriormente exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias,

RESOLVE:

Modificar o calendario dos cursos tal como se indica a continuación:

Código curso	Nome do curso	Destinatarios/as	Datas do curso	Lugar de realización
Acui1801	Comercialización en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	18-19 de setembro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1802	Comercialización en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	29-30 de outubro	Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo
Acui1803	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos	25-26 de setembro	Aula Casa do Mar-ISM Sada
Acui1805	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos	9-10 de outubro	Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira
Acui1808	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector piscicultura continental	6-7 de novembro	Escola Politécnica Superior en Enxeñaría de Lugo
Acui1809	Xestión da produción en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	9-10 de outubro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1812	Lexislación e xestión ambiental en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	16-17 de outubro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1813	Lexislación e xestión ambiental en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	13-14 de novembro	Aula da Fábrica de Xes de Muros
Acui1815	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	23-24 de outubro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1817	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector piscicultura mariña	6-7 de novembro	Aula Confraría de Muros





Acui1818	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector piscicultura mariña	27-28 de novembro	Aula Confraría Camariñas
Acui1819	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector piscicultura mariña	20-21 de novembro	Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira
Acui1819 bis	Patoloxía e xestión sanitaria en acuicultura	Sector piscicultura mariña	20-21 de novembro	Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira
Acui1820	Xenética e reprodución en acuicultura	Sector piscicultura continental	20-21 de novembro	Escola Politécnica Superior en Enxeñaría de Lugo
Acui1822	Xenética e reprodución en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	29-30 de novembro	Aula da Fábrica de Xes de Muros
Acui1823	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	19-20 de novembro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1824	Comercialización en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	26-27 de novembro	Escola Oficial Náutico pesqueira de Ribeira
Acui1825	Xestión ambiental	Sector cultivo de moluscos	28-29 de novembro	Escola Oficial Náutico pesqueira de Ribeira
Acui1826	Reprodución en acuicultura	Sector cultivo de moluscos	27-28 de novembro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

